

c) Xestiona-los xustificantes de recepción dos interesados e dos órganos ou organismos notificadores.

d) Mante-lo rexistro de eventos das notificacións, o cal conterà, polo menos, o enderezo electrónico, a traza da data e a hora da recepción da notificación no enderezo electrónico único e do acceso do interesado á notificación e a descrición do contido da notificación.

e) Establece-las medidas organizativas e técnicas para que a dispoñibilidade do servizo sexa de 7 días á semana e 24 horas ó día.

2. Poderanse engadir outras funcións de mellora do servizo e complementarias das expresadas, como é o caso de aviso de posta á disposición dos interesados das notificacións.

Noveno. *Condicións da prestación do servizo de enderezo electrónico único.*

1. A titularidade do enderezo electrónico a partir do cal se constrúan os enderezos electrónicos únicos dos interesados correspóndelle ó Ministerio de Administracións Públicas.

2. O prestador do servizo de enderezo electrónico único estará suxeito ás medidas de seguridade, ós requisitos de autenticidade, integridade, confidencialidade, dispoñibilidade e á utilización dos protocolos e criterios técnicos establecidos nesta orde ministerial.

3. O directorio do servizo de enderezo electrónico único deberá recolle-lo nome e apelidos ou a razón ou denominación social do interesado, o número do documento nacional de identidade ou o código de identificación fiscal ou calquera outro equivalente e o enderezo electrónico único.

4. O prestador do servizo de enderezo electrónico único designará un administrador da seguridade, responsable da realización e actualización da análise e xestión de riscos, do rexistro de incidencias de seguridade, da correcta implementación das salvaguardas de seguridade técnicas, organizativas, e de cantas outras actuacións en materia de seguridade sexan necesarias para a protección dos sistemas ó seu cargo.

5. O prestador do servizo de enderezo electrónico único deberalle remitir ó órgano ou organismo notificador por cada notificación telemática:

a) Certificación electrónica da data e hora na que recibe a notificación enviada polo órgano ou organismo notificador.

b) Certificación electrónica da data e hora na que se produce a recepción da notificación no enderezo electrónico único asignado ó interesado.

c) Certificación electrónica na que conste a data e hora na que se produce o acceso do interesado ó contido da notificación no enderezo electrónico.

d) Certificación electrónica de calquera incidencia que se produza na práctica do disposto nos puntos anteriores.

6. O prestador do servizo de enderezo electrónico único deberá adopta-las medidas organizativas e técnicas que garantan a calidade do dito servizo.

7. No caso de cesamento de actividade ou cambio do prestador do servizo de enderezo electrónico único, as bases de datos, os programas informáticos asociados, o rexistro de eventos e o dominio de enderezos electrónicos coas notificacións que existan nese momento e a documentación técnica, deberán entregarse ó Ministerio de Administracións Públicas, ou á entidade que esta designe, debidamente actualizadas.

8. Os programas necesarios para o correcto funcionamento do sistema de notificación ós que se refire o punto quinto. 1 serán subministrados ós órganos e organismos notificadores polo prestador do servizo de enderezo electrónico único.

Décimo. Competencia do Ministerio de Administracións Públicas para o establecemento de parámetros de calidade e vixilancia do seu cumprimento.

1. Correspóndelle ó Ministerio de Administracións Públicas, logo de informe do Consello Superior de Informática e para o impulso da Administración Electrónica, establece-los parámetros de calidade da prestación do servizo de enderezo electrónico único e de cumprimento dos requisitos e condicións establecidas na presente orde ministerial, así como as penalizacións e demais medidas correctoras que sexan de aplicación.

2. Correspóndelle ó Ministerio de Administracións Públicas validar e vixia-lo cumprimento do establecido no parágrafo anterior.

Décimo primeiro. *Competencia do Ministerio de Administracións Públicas para a actualización de requisitos e criterios técnicos.*—A actualización dos requisitos e os criterios técnicos desta orde ministerial correspóndelle ó Ministerio de Administracións Públicas, logo de informe favorable do Consello Superior de Informática e para o impulso da Administración Electrónica.

Disposición transitoria única. *Validez das notificacións telemáticas previstas na normativa vixente.*

Serán válidas as notificacións telemáticas dos departamentos ministeriais e organismos públicos previstas nos procedementos telemáticos publicados no «Boletín Oficial del Estado» ó abeiro da Lei 30/1992 e normativa de desenvolvemento que no momento de entrada en vigor da presente orde se atopan vixentes.

Non obstante, deberanse adaptar ó previsto nesta orde ministerial no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción das disposicións relativas á prestación do servizo de notificación no enderezo electrónico único, que entrarán en vigor a partir do inicio de actividade do prestador do servizo de enderezo electrónico único previsto na disposición derradeira primeira do Real decreto 209/2003.

Madrid, 10 de xuño de 2003

RAJOY BREY

Excmos. Sres. Ministros de Administracións Públicas, de Ciencia e Tecnoloxía e de Facenda.

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

11946 *REAL DECRETO 653/2003, do 30 de maio, sobre incineración de residuos.* («BOE» 142, do 14-6-2003.)

Ata a aprobación da Directiva 2000/76/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de decembro de 2000, relativa á incineración de residuos, o réxime xurídico aplicable no seo da Unión Europea a estas operacións de xestión fundamentábase nunha dobre regulación, en función de que os residuos sometidos a incineración tivesen ou non a consideración de perigosos,

circunstancia esta que cobraba unha relevancia excepcional, na medida en que determinaba que se tivesen que aplicar uns valores de emisión de contaminantes atmosféricos máis ou menos estrictos.

Desta forma, mediante as directivas 89/369/CEE e 89/429/CEE do Consello, do 8 e 21 de xuño de 1989, respectivamente, establecéronse normas para a prevención e a redución da contaminación atmosférica procedente da incineración de residuos municipais, mentres que a incineración de residuos perigosos se regulou mediante a Directiva 94/67/CE do Consello, do 16 de decembro de 1994.

As mencionadas directivas foron incorporadas ó ordenamento interno mediante os reais decretos 1088/1992, do 11 de setembro, no que atinxe ós residuos municipais, e 1217/1997, do 18 de xullo, no referente á incineración de residuos perigosos, e é certo que a aplicación efectiva das diferentes medidas establecidas neste conxunto de normas contribuíu de forma positiva á redución da contaminación atmosférica derivada do funcionamento das instalacións de incineración de residuos.

Ora ben, a diferenciación entre residuos perigosos e non perigosos ten o seu fundamento nas características dos residuos con carácter previo á súa incineración, pero é irrelevante en relación coa emisión de contaminantes á atmosfera, polo que a Directiva 2000/76/CE esixe uns valores límite de emisión comúns, calquera que sexa o tipo de residuos que se incinere, ben que establece diferencias na aplicación das técnicas e condicións de funcionamento das instalacións, así como en materia de medicións e controis.

Inclúese tamén nesa directiva unha regulación específica sobre as instalacións de coincineración, ás que, sen menoscabo das esixencias de funcionamento e control que deben cumprir, se lles impoñen uns requisitos particulares debido a que a incineración dos residuos só representa unha parte do proceso total de combustión, ou de tratamento térmico, derivado da súa actividade como instalacións dedicadas á xeración de enerxía ou á fabricación de produtos materiais.

Mediante este real decreto incorpórase ó ordenamento interno a Directiva 2000/76/CE, coa finalidade de limitar ó máximo os efectos ambientais das actividades de incineración e coincineración de residuos. En consecuencia, o réxime xurídico destas actividades débese axustar ás esixencias ambientais derivadas da lexislación xeral sobre residuos, regulada con carácter básico na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, a cal nos artigos 18 e 19.4 faculta o Goberno para establecer, respectivamente, os requisitos das instalacións, procesos e produtos da valorización enerxética e da eliminación de residuos.

Desta maneira, adóptanse unha serie de esixencias en relación coa entrega e recepción dos residuos nas instalacións, así como unhas condicións sobre a súa construción e explotación nas que tamén se distingue se na instalación se realiza incineración ou coincineración, e que resultan máis estrictas cando se trata de residuos perigosos, tal como se recolle na directiva que se incorpora.

Así mesmo, no que se refire á contaminación atmosférica que se pode producir nas actividades de incineración e coincineración de residuos, fíxanse valores límite de emisións á atmosfera que son comúns para os diferentes tipos de residuos que se incineren, facendo uso para isto da habilitación contida na Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico.

Con cobertura legal no texto refundido da Lei de augas, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e na Lei 22/1988, do 28 de

xullo, de costas, adóptanse, de igual forma, valores límite de emisión de determinados contaminantes que se deberán aplicar á vertedura das augas residuais procedentes da depuración dos gases de escape das instalacións de incineración e coincineración, e establécense esixencias en canto a medicións e control, tanto se a vertedura se realiza ás augas continentais como ás mariñas.

Particular mención no conxunto de normas de rango legal das que trae causa este real decreto, e de especial relevancia no que se refire á súa aplicación, adquire a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, no ámbito de aplicación da cal están incluídas as instalacións de incineración de residuos perigosos cunha capacidade de máis de 10 toneladas por día e as de incineración de residuos urbanos ou municipais cunha capacidade de máis de tres toneladas por hora.

Como consecuencia desta necesariamente diversa cobertura legal, considerados os distintos aspectos da materia regulada, o réxime sancionador aplicable ó incumprimento das medidas que se adoptan será o derivado das leis anteriormente citadas, das que este real decreto ten o carácter de desenvolvemento regulamentario.

De acordo coa directiva que se incorpora, e sen prexuízo das medidas específicas de carácter transitorio recollidas nos anexos, establécese un réxime transitorio para as instalacións de incineración e coincineración existentes, ás que o réxime disposto neste real decreto lles será de aplicación a partir do día 28 de decembro de 2005.

Neste sentido, para as instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002 tívose en conta a distinta definición de instalacións existentes incluídas na dita lei e na Directiva 2000/76/CE, de maneira que as instalacións de incineración e coincineración que teñan a consideración de novas, de acordo coa mencionada lei, e de existentes, de acordo con este real decreto, estarán lóxicamente sometidas á autorización ambiental integrada, ben que a normativa sectorial que se deberá ter en conta para a fixación dos valores límite de emisión, así como a documentación que se deba incluír na solicitude desa autorización, virán determinadas polo réxime anterior á entrada en vigor deste real decreto.

De igual modo, tívose en conta o período de adaptación das instalacións existentes recollido na Lei 16/2002, de tal forma que as diferentes autorizacións sectoriais que se lles outorgasen a esas instalacións se deberán adecuar ás esixencias establecidas neste real decreto antes do 28 de decembro de 2005, a menos que nesa data contén xa coa autorización ambiental integrada, que en todo caso resultará esixible o 30 de outubro de 2007.

Por último, este real decreto ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co establecido no artigo 149.1.23.^a da Constitución, e na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, os entes locais e os axentes económicos e sociais interesados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de maio de 2003,

DISPÕÑO :

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-las medidas a que se deben axustar-las actividades de incineración e coincineración de residuos, coa finalidade de impedir

ou limita-los riscos para a saúde humana e os efectos negativos sobre o ambiente derivados destas actividades.

Para atinxi-los anteriores obxectivos, establécense condicións e requisitos para o funcionamento das instalacións de incineración e coincineración de residuos, así como valores límite de emisión de contaminantes, que deberán ser aplicados e respectados, sen prexuízo das obrigas establecidas na lexislación sobre residuos, contaminación atmosférica, augas, costas e prevención e control integrados da contaminación.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto aplícaselles ás instalacións de incineración e coincineración de residuos, con excepción das seguintes:

a) Instalacións nas que só se incineren ou coincineren os seguintes residuos, sempre que se cumpran os requisitos que, se é o caso, se sinalan:

1.º Residuos vexetais de orixe agrícola e forestal.

2.º Residuos vexetais procedentes da industria de elaboración de alimentos, se se recupera a calor xerada.

3.º Residuos vexetais fibrosos obtidos da produción de pasta de papel virxe e da produción de papel a partir de pasta de papel, se se coincineran no lugar de produción e se recupera a calor xerada.

4.º Residuos de madeira, con excepción dos que poidan conter compostos organohaloxenados ou metais pesados como consecuencia do tratamento con substancias protectoras da madeira ou de revestimento, entre os que se inclúen, en particular, os materiais deste tipo procedentes de residuos de construción e demolición.

5.º Residuos de cortiza.

6.º Residuos radioactivos.

7.º Cadáveres enteiros de animais e partes deles que, pola súa vez, teñan a consideración de subproductos animais non transformados, de conformidade co establecido no artigo 2.1.a) do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables ós subproductos animais non destinados ó consumo humano. En tal caso, estes residuos teranse que incinerar ou coincinerar de acordo co establecido no citado Regulamento (CE) n.º 1774/2002 e na normativa que resulte de aplicación.

8.º Residuos resultantes da exploración e explotación de petróleo e gas en plataformas mariñas incinerados a bordo.

b) Instalacións experimentais utilizadas para a investigación, o desenvolvemento e a realización de probas para mellora-lo proceso de incineración e que incineren ou coincineren menos de 50 toneladas de residuos ó ano.

Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos do establecido neste real decreto, entenderase por:

1. Residuo: calquera substancia ou obxecto, en estado sólido ou líquido, dos definidos no artigo 3.a) da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

2. Residuos perigosos: os definidos como tales no artigo 3.c) da Lei 10/1998 e na Decisión 2000/532/CE da Comisión, do 3 de maio de 2000, pola que se aproba a Lista Europea de Residuos, publicada mediante a Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro de 2002.

Non obstante, os requisitos específicos establecidos neste real decreto para a incineración ou coincineración

de residuos perigosos non se lles aplicarán ós seguintes residuos, a pesar da súa condición de perigosos:

a) Residuos líquidos combustibles, incluídos os aceites usados definidos no artigo 1 da Orde ministerial do 28 de febreiro de 1989, pola que se regula a xestión de aceites usados, sempre e cando cumpran os seguintes criterios:

1.º Que o contido en masa de hidrocarburos aromáticos policlorados, como os policlorobifenilos (PCB) ou o pentaclorofenol (PCP), non supere as concentracións establecidas na orde ministerial anteriormente citada.

2.º Que estes residuos non se convertan en perigosos por conteren outros constituíntes dos enumerados na táboa 4 do anexo I do Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, despois das modificacións introducidas polo Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, en cantidades ou concentracións que impidan cumprilos obxectivos fixados no artigo 12.1 da Lei 10/1998.

3.º Que o valor calorífico neto sexa, como mínimo, de 30 MJ por quilogramo.

b) Calquera residuo líquido combustible que non poida provocar nos gases resultantes directamente da súa combustión emisións distintas das procedentes do gasóleo, ou unha concentración de emisións maior que as resultantes da combustión do gasóleo, segundo as definicións do Decreto 2204/1975, do 23 de agosto, relativo ás características, calidades e condicións de emprego de carburantes e combustibles, e as súas posteriores modificacións, especialmente as producidas mediante os reais decretos 398/1996, do 1 de marzo, e 287/2001, do 16 de marzo.

3. Residuos urbanos ou municipais mesturados: os definidos no artigo 3.b) da Lei 10/1998, con exclusión das fraccións recollidas selectivamente, contempladas no subcapítulo 20 01 da Lista Europea de Residuos e dos residuos do subcapítulo 20 02 da lista.

4. Instalación de incineración: calquera unidade técnica ou equipamento, fixo ou móbil, dedicado ó tratamento térmico de residuos mediante as operacións de valorización enerxética ou eliminación, tal como se definen nos números R1 e D10 do anexo 1 da Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, con ou sen recuperación da calor. Para estes efectos, no concepto de tratamento térmico inclúese a incineración por oxidación de residuos, así como a pirólise, a gasificación ou outros procesos de tratamento térmico, como o proceso de plasma, na medida en que todas ou parte das substancias resultantes do tratamento se destinen á combustión posterior nas mesmas instalacións.

Esta definición comprende o lugar de asentamento e a instalación completa, incluídas tódalas liñas de incineración e as seguintes instalacións:

a) As instalacións de recepción, almacenamento e pretratamento ou tratamento previo in situ dos residuos.

b) Os fornos de combustión, incluíndo os sistemas de alimentación de residuos, combustible e aire e de recolla dos residuos de combustión.

c) A caldeira e o sistema de recolla de cinzas voantes.

d) As instalacións de tratamento dos gases de combustión.

e) As instalacións de valorización, eliminación ou almacenamento in situ dos residuos da incineración e das augas residuais, así como de tratamento destas últimas, se tamén se realiza in situ.

f) A cheminea.

g) Os dispositivos e sistemas de control das operacións de incineración, de rexistro e de seguimento das condicións de incineración.

5. Instalación de coincineración: toda instalación fixa ou móbil que teña como finalidade principal a xeración de enerxía ou a fabricación de produtos materiais e que, ou ben utilice residuos como combustible habitual ou complementario, ou ben os residuos reciban nela tratamento térmico para a súa eliminación.

Non obstante, se a coincineración ten lugar de tal maneira que o principal obxectivo da instalación non sexa a xeración de enerxía ou fabricación de produtos materiais, senón o tratamento térmico de residuos, a instalación considerárase como unha instalación de incineración.

Esta definición comprende o lugar de asentamento e a instalación completa, incluídas tódalas liñas de coincineración e as instalacións enumeradas no último parágrafo do número 4 anterior.

6. Instalación de incineración ou coincineración existente: calquera instalación de incineración ou coincineración na que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que conte coa preceptiva autorización para incinerar ou coincinerar residuos e estea en funcionamento, antes da entrada en vigor deste real decreto.

b) Que conte cunha autorización para incinerar residuos expedida antes da entrada en vigor deste real decreto, pero aínda non estea en funcionamento nesa data, sempre e cando a instalación se poña en funcionamento antes do día 29 de decembro de 2003.

c) Que o operador presentase, antes da entrada en vigor deste real decreto, unha solicitude de autorización para unha instalación de incineración, e que o seu contido fose considerado suficiente pola autoridade competente, sempre e cando a instalación se poña en funcionamento antes do día 29 de decembro de 2004.

d) Polo que respecta ás instalacións de coincineración non incluídas na anterior alínea a), terán a consideración de instalacións existentes se, á entrada en vigor deste real decreto, están en funcionamento como instalacións para a xeración de enerxía ou a fabricación de produtos materiais e contan coas autorizacións que sexan esixibles para isto, con independencia do momento en que se presentase a correspondente solicitude para realiza-la coincineración, e sempre que, despois de obteren a preceptiva autorización para coincinerar, comecen a coincinerar residuos antes do 29 de decembro de 2004.

7. Capacidade nominal da instalación: a cantidade máxima de residuos que poden ser incinerados por hora, que reflecta a suma das capacidades de incineración dos fornos que compoñen a instalación especificadas polo constructor e confirmadas polo operador, tendo debidamente en conta, en particular, o valor calorífico dos residuos, que se deberá expresar tanto en fluxos masa, referidos ós residuos, como en fluxos enerxéticos.

8. Emisión: a expulsión á atmosfera, á auga ou ó solo de substancias, vibracións, calor ou ruído, procedentes de forma directa ou indirecta de fontes puntuais ou difusas da instalación.

9. Valores límite de emisión: a masa, expresada en relación con determinados parámetros específicos, a concentración ou o nivel dunha emisión o valor da cal non se debe superar durante un ou máis períodos de tempo.

10. Dioxinas e furanos: tódalas dibenzoparadioxinas e dibenzofuranos policlorados enumerados no anexo I.

11. Operador: calquera persoa física ou xurídica que explote ou controle a instalación e que teña a condición de xestor para realiza-las actividades de valorización ou eliminación de residuos mediante incineración ou coincineración, de acordo co establecido no artigo 3.g) da Lei 10/1998.

12. Residuos da incineración: calquera materia sólida ou líquida que se xere no proceso de incineración ou coincineración, no tratamento dos gases de escape ou das augas residuais ou noutros procesos dentro da instalación de incineración ou coincineración e que teña a consideración de residuo de acordo co artigo 3.a) da Lei 10/1998. En particular, inclúense neste concepto as cinzas e escouras de lareira, as cinzas voantes e partículas da caldeira, os lodos procedentes do tratamento de augas residuais e os catalizadores e carbón activo usados, así como os produtos formados nas reaccións que se producen no tratamento dos gases, sempre que, neste último caso, teñan a consideración de residuos.

13. Residuos urbanos ou municipais tratados: aqueles que fosen obxecto dun tratamento previo, de conformidade co establecido no artigo 2.e) do Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

14. Biomasa: os produtos compostos por materias vexetais de orixe agrícola ou forestal que poidan ser utilizados para valorizalo seu contido enerxético, así como os residuos a que se refiren os incisos primeiro a quinto do artigo 2.a).

15. Autoridade competente: a designada pola comunidade autónoma no ámbito territorial da cal se sitúe a instalación, sen prexuízo das competencias que, se é o caso, correspondan ós organismos de bacía nos supostos en que se produzan verteduras ó medio acuático.

Artigo 4. *Autorización das instalacións.*

1. As instalacións de incineración e coincineración estarán sometidas ó seguinte réxime de autorización:

a) As instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002 deberán contar coa autorización ambiental integrada regulada naquela.

b) O resto das instalacións non incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002 requirirán as autorizacións esixidas na Lei 10/1998 e na Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado mediante o Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, sen prexuízo do resto das licencias ou autorizacións que igualmente sexan esixibles en virtude do establecido noutras disposicións. Do mesmo modo, nestes casos serán esixibles as autorizacións de verteduras ó medio acuático establecidas no texto refundido da Lei de augas, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

Nestes supostos, as instalacións de incineración ou coincineración de residuos urbanos non sometidas á autorización esixida na Lei 10/1998, en virtude do establecido no seu artigo 13.2, deberán cumprilo establecido neste real decreto de acordo co réxime de intervención administrativa que determinen as correspondentes comunidades autónomas.

2. Para efectos do establecido nos artigos 3.e) e 10 da Lei 16/2002, considerárase modificación substancial o feito de nunha instalación de incineración ou coincineración de residuos non perigosos se realizar un cambio de funcionamento que carrete a incineración ou coincineración de residuos perigosos.

3. As autorizacións reguladas neste artigo terán un carácter temporal e poderán ser renovadas periodicamente, de conformidade co establecido para o efecto na normativa sobre prevención e control integrados da contaminación ou, se é o caso, na de residuos, contaminación atmosférica, augas e costas.

4. No caso de incumprimento das condicións establecidas nas autorizacións reguladas neste artigo, as autoridades competentes adoptarán as medidas que resulten pertinentes, mediante a aplicación do correspondente réxime sancionador.

Artigo 5. *Solicitud de autorización.*

1. No caso de instalacións de incineración ou coincineración incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, a solicitude de autorización ambiental integrada incluírá, ademais das esixencias establecidas no artigo 12 da citada lei, unha descrición das medidas que estean previstas para garanti-los seguintes extremos:

a) Que a instalación se deseñe, equipe e explote de modo que se cumpran os requisitos que establece este real decreto, tendo en conta os tipos de residuos que se van incinerar ou coincinerar.

b) Que, na medida en que sexa viable, se recupere a calor xerada durante o proceso de incineración ou de coincineración mediante métodos como, entre outros, a produción combinada de calor e electricidade, a xeración de vapor para usos industriais ou a calefacción urbana.

c) Que se reduzan ó mínimo a cantidade e a nocividade dos residuos producidos na incineración ou coincineración e que estes se reciclen ou se xestionen mediante outra forma de valorización cando isto sexa posible.

d) Que a eliminación dos residuos da incineración que non se poidan evitar, reducir ou valorizar se leve a cabo de conformidade co establecido no Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, e na Decisión 2003/33/CE, do 19 decembro de 2002, pola que se establecen os criterios e procedemento de admisión de residuos nos vertedoiros, conforme o artigo 16 e o anexo II da Directiva 1999/31/CE.

e) Que se identifiquen os residuos que serán obxecto de incineración ou coincineración na instalación, de acordo cos seguintes criterios:

1.º Nos casos de instalacións nas que se pretenda incinerar exclusivamente residuos urbanos, a identificación dos residuos farase de forma xenérica, indicando aqueles aspectos que, de acordo cos principios de xestión de residuos establecidos na Lei 10/1998 e no Plan nacional de residuos urbanos, puidesen condiciona-la autorización.

2.º Nos casos de instalacións nas que se pretenda incinerar residuos distintos dos urbanos, así como nas de incineración de residuos urbanos nas que se vaian incinerar residuos doutra natureza, identificarase o tipo e cantidades de residuos que se vaian incinerar, utilizando os códigos de identificación da Lista europea de residuos, as súas características, con indicación do contido de substancias contaminantes e a proporción de cada un deles na alimentación do forno.

3.º Nos casos de instalacións de coincineración, alén dos requisitos expresados nos parágrafos anteriores, deberase indica-lo poder calorífico inferior, a forma de alimentación e o punto de incorporación ó proceso dos residuos. Igualmente, deberase defini-lo grao de aproveitamento enerxético resultante nas súas instalacións concretas cando se queimen os residuos previstos nas proporcións solicitadas.

2. No caso de instalacións de incineración ou coincineración non incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, a solicitude das autorizacións que resulten esixibles, de conformidade co indicado no artigo 4.1.b), incluírá a información sinalada no número anterior que en cada caso corresponda.

3. En todo caso, só se concederá a autorización cando na solicitude se acredite que as técnicas de medición das emisións á atmosfera propostas cumpren o disposto no anexo III deste real decreto e, polo que respecta á auga, cumpren o disposto nos números 1 e 2 dese anexo III.

Artigo 6. *Contido das autorizacións.*

1. No caso de instalacións de incineración ou coincineración incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, a autorización ambiental integrada incluírá as seguintes determinacións, alén das sinaladas no artigo 22 da citada lei:

a) Enumeraranse de maneira expresa os tipos de residuos que se poden tratar utilizando os códigos de identificación da Lista europea de residuos e determinarase a cantidade dos residuos que se autoriza para incinerar ou coincinerar.

b) Indicarase a capacidade total de incineración ou coincineración de residuos da instalación, así como a capacidade de cada unha das liñas de incineración ou coincineración da instalación.

c) Especificaranse os procedementos de mostraxe e medición que deberán ser utilizados para cumprilas obrigas que se establecen sobre medicións periódicas de cada contaminante da atmosfera e as augas, mencionando, se os houber, as normas ou métodos específicos aplicables para o efecto.

d) Indicarase o resto das obrigas derivadas do establecido neste real decreto.

2. No caso de instalacións de incineración ou coincineración non incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, as autorizacións que resulten esixibles, de conformidade co indicado no artigo 4.1.b), incluírán a información sinalada nas alíneas a), b), c) e d) do número anterior que en cada caso corresponda.

3. Cando a autorización estea referida a unha instalación de incineración ou coincineración que utilice residuos perigosos, deberá incluír, ademais, as seguintes determinacións:

a) Enumerará as cantidades dos distintos tipos de residuos perigosos que se poden tratar.

b) Determinará os fluxos mínimos e máximos de masa deses residuos perigosos, os seus valores caloríficos mínimos e máximos e o seu contido máximo de substancias contaminantes, como PCB, PCP, cloro, fluor, xofre e metais pesados.

Artigo 7. *Entrega e recepción dos residuos.*

1. O operador da instalación de incineración ou coincineración tomará tódalas precaucións necesarias en relación coa entrega e recepción de residuos para impedir, ou ó menos limitar na medida do posible, os efectos negativos sobre o ambiente, especialmente a contaminación da atmosfera, o solo e as augas superficiais e subterráneas, así como os cheiros e ruídos, e os riscos directos para a saúde humana.

2. Antes de accepta-los residuos na instalación de incineración ou coincineración, o operador determinará a masa de cada tipo de residuos, se é posible mediante a utilización dos códigos de identificación da Lista europea de residuos.

3. Ademais, cando se trate de residuos perigosos, antes de os aceptar na instalación de incineración ou coincineración, o operador deberá dispor dunha información sobre eles para comprobar, entre outros puntos, que se cumpren os requisitos da autorización sinalados no artigo 6.3.

Na anterior información constará:

a) Toda a información administrativa sobre o proceso xerador do residuo contida nos documentos mencionados no número 4.a) deste artigo.

b) A composición física e, na medida en que sexa factible, química dos residuos, así como calquera outra información necesaria para avaliala súa adecuación ó proceso de incineración ou coíncineración previsto.

c) Os riscos inherentes ós residuos, as substancias coas que non se poidan mesturar e as precaucións que haberá que tomar ó manipularlos.

4. Igualmente, antes de aceptar residuos perigosos na instalación de incineración ou coíncineración, o operador observará ó menos os seguintes procedementos de recepción:

a) Comprobación dos documentos de acompañamento esixidos na lexislación sobre residuos perigosos e, se é o caso, no Regulamento (CEE) n.º 259/93 do Consello, do 1 de febreiro de 1993, relativo á vixilancia e ó control dos traslados de residuos no interior, á entrada e á saída da Comunidade Europea, así como na normativa sobre transporte de mercadorías perigosas.

b) Mostraxe representativa para comproba-la súa conformidade coa información do número 3, a non ser que isto resulte inadecuado en virtude da propia natureza dos residuos, como no caso de residuos clínicos infecciosos.

Estas operacións de mostraxe levaranse a cabo mediante controis realizados, a ser posible, antes de descargalos residuos e servirán para que a autoridade competente poida determina-la natureza dos residuos tratados. As mostraxas deberanse conservar ó menos durante un mes despois da incineración.

5. As autoridades competentes poderán eximir do cumprimento do disposto nos números 2, 3 e 4 as empresas e instalacións industriais que incineren ou coíncineren unicamente os seus propios residuos no lugar en que se producen, sempre e cando se cumpra o establecido neste real decreto.

Artigo 8. *Condicións de deseño, equipamento, construción e explotación.*

1. O deseño, equipamento, construción e explotación das instalacións de incineración realizarase conforme os seguintes requisitos:

a) As instalacións explotaranse de modo que se obteña un grao de incineración tal que o contido de carbono orgánico total (COT) das escouras e das cinzas de lareira sexa inferior ó tres por cento ou, alternativamente, a súa perda ó lume sexa inferior ó cinco por cento do peso seco da materia. Se é preciso, empregaranse técnicas adecuadas de tratamento previo dos residuos.

b) As instalacións deseñaranse, equiparanse, constrúanse e explotaranse de modo que, despois da última inxección de aire de combustión, mesmo nas condicións máis desfavorables, ó menos durante dous segundos a temperatura dos gases derivados do proceso se eleve de maneira controlada e homoxénea ata 850 °C, medidos preto da parede interna da cámara de combustión ou noutro punto representativo desta, coa conformidade da autoridade competente. Se se incineran residuos perigosos que conteñan máis do un por cento de substancias organohaloxenadas, expresadas en cloro, a temperatura deberase elevar ata 1.100 °C, ó menos durante dous segundos.

c) Tódalas liñas da instalación de incineración estarán equipadas ó menos cun queimador auxiliar que se poña en marcha automaticamente cando a temperatura

dos gases de combustión, despois da última inxección de aire de combustión, descenda por debaixo de 850 °C ou 1.100 °C, segundo os casos contemplados na anterior alínea b). Así mesmo, utilizarase ese queimador durante as operacións de posta en marcha e parada da instalación a fin de que a temperatura de 850 °C ou 1.100 °C, segundo os casos contemplados na anterior alínea b), se manteña en todo momento durante estas operacións en canto haxa residuos non incinerados na cámara de combustión.

d) Durante a posta en marcha e parada, ou cando a temperatura dos gases de combustión descenda por debaixo de 850 °C ou 1.100 °C, segundo os casos contemplados na alínea b), o queimador auxiliar non se poderá alimentar con combustibles que poidan causar emisións maiores que as producidas pola queima de gasóleo, segundo as definicións do Decreto 2204/1975, do 23 de agosto, de gas licuado ou de gas natural.

2. As instalacións de coíncineración deseñaranse, equiparanse, constrúanse e explotaranse de modo tal que a temperatura dos gases resultantes da coíncineración sexa a requirida polo proceso principal da instalación e, en todo caso, superior a 850 °C, durante ó menos dous segundos. Se se coíncineran residuos perigosos que conteñan máis dun un por cento de substancias organohaloxenadas, expresadas en cloro, a temperatura do proceso principal deberá ser superior a 1.100 °C, durante ó menos dous segundos.

3. As instalacións de incineración e coíncineración terán e utilizarán un sistema automático que impida a alimentación de residuos nos seguintes casos:

a) Na posta en marcha, ata que se atinxise a temperatura de 850 °C ou 1.100 °C, segundo os casos contemplados nos números 1.b) e 2, ou a temperatura que resulte esixible de acordo co establecido no artigo 9.c).

b) Cando non se manteña a temperatura de 850 °C ou 1.100 °C, segundo os casos contemplados nos números 1.b) e 2, ou a temperatura que resulte esixible de acordo co establecido no artigo 9.c).

c) Cando as medicións continuas establecidas neste real decreto mostren que se está a superar algún valor límite de emisión debido a perturbacións ou fallos nos dispositivos de depuración.

Artigo 9. *Condicións alternativas.*

Para algúns tipos de residuos ou para algúns procesos térmicos, a autoridade competente poderá permitir condicións distintas das establecidas no artigo 8.1.a), en relación co contido de COT, así como das establecidas nas alíneas b), c) e d) do número 1 e nos números 2 e 3 do mesmo artigo, en relación coas temperaturas mínimas de operación, especificándoas na autorización, sempre e cando se cumpra o resto das esixencias establecidas neste real decreto e, ademais, as seguintes:

a) Polo que respecta ó contido de COT nas escouras e cinzas de lareira das instalacións de incineración, o cambio nas condicións de explotación non poderá xerar maior cantidade de residuos ou residuos con maior contido de contaminantes orgánicos que os previsibles se se mantivesen as condicións establecidas no artigo 8.1.

b) En canto ás instalacións de coíncineración, e no que se refire ó contido de COT, a autorización de condicións distintas subordinarase a que se cumpran, ó menos, os valores límite de emisión establecidos no anexo V para o carbono orgánico total e para o CO. Non obstante, polo que respecta á industria do papel e a pasta de papel, se as instalacións coíncineran os seus propios residuos no lugar en que estes se producen, en caldeiras de casca existentes, a autorización de condicións distintas subordinarase a que se cumpran, ó

menos, os valores límite de emisión establecidos no anexo V para o carbono orgánico total.

c) No referente á temperatura da operación, a autorización de condicións distintas subordinarase ó cumprimento dos seguintes requisitos, que se deberá comprobar mediante unha proba de funcionamento real, cunha duración fixada pola autoridade competente e que sexa suficiente para poder obter mostras representativas:

1.º Que o contido de cloro orgánico nos residuos sexa inferior ó 0,1 por cento en peso, tanto para instalacións de incineración como de coincineración.

2.º Que as emisións de CO e COT sexan inferiores ós límites establecidos no anexo V, tanto para instalacións de incineración como de coincineración.

3.º Que, no caso de instalacións de coincineración, a temperatura de funcionamento solicitada non sexa inferior á que se rexistraría no proceso principal se non se alimentasen residuos.

As comunidades autónomas informarán o Ministerio de Medio Ambiente sobre as decisións que adoptasen en virtude do establecido neste número, con indicación expresa das condicións distintas de explotación autorizadas e os resultados das verificacións que, se é o caso, se realizasen, para efectos da súa comunicación á Comisión Europea, a través da vía correspondente.

Artigo 10. *Condicións complementarias.*

Alén das condicións sinaladas no artigo 8 e, se é o caso, no artigo 9, deberanse cumprir-las seguintes:

a) As instalacións de incineración e coincineración deseñaranse, equiparanse, construíranse e explótaranse de modo que impidan emisións á atmosfera que provoquen unha contaminación atmosférica significativa no nivel do chan. En particular, os gases de escape serán liberados de modo controlado e de acordo co establecido na normativa sobre calidade da atmosfera, por medio dunha cheminea a altura da cal se calculará de modo que queden protexidos a saúde humana e o ambiente.

b) A calor xerada polo proceso de incineración ou coincineración recuperarase na maior medida en que sexa viable.

c) Os residuos clínicos infecciosos deberanse introducir directamente no forno, sen os mesturar antes con outros tipos de residuos e sen os manipular directamente.

d) Con independencia das posibles responsabilidades civís ou penais que puidesen derivar do funcionamento das instalacións, da xestión da instalación de incineración ou coincineración será responsable unha persoa física con aptitude técnica para xestionala instalación.

Artigo 11. *Valores límite de emisión á atmosfera.*

1. As instalacións de incineración deseñaranse, equiparanse, construíranse e explótaranse de modo que, nos gases de escape, non se superen os valores límite de emisión establecidos no anexo V e tendo en conta o establecido no Real decreto 1073/2002, do 18 de outubro, sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente en relación co dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno, óxidos de nitróxeno, partículas, chumbo, benceno e monóxido de carbono.

2. As instalacións de coincineración deseñaranse, equiparanse, construíranse e explótaranse de modo que, nos gases de escape, non se superen os valores límite de emisión establecidos no anexo II ou que se determinen consonte ese anexo.

Se nunha instalación de coincineración máis do 40 por cento da calor xerada procede da combustión de

residuos perigosos, aplicaranse os valores límite de emisión establecidos no anexo V.

3. Os resultados das medicións realizadas para verificalo cumprimento dos valores límite de emisión estarán referidos ás condicións establecidas nos artigos 15 e 16.

4. Cando se coincineren residuos urbanos ou municipais mesturados non tratados, os valores límite de emisión á atmosfera determinaranse consonte o anexo V e non se aplicará o anexo II.

Artigo 12. *Vertedura de augas residuais procedentes das instalacións de incineración ou coincineración.*

1. Nas autorizacións que resulten esixibles, de acordo co establecido no artigo 4, limitarase na medida do posible a vertedura ó medio acuático das augas residuais procedentes da depuración dos gases de escape das instalacións de incineración ou coincineración. En todo caso, estas augas residuais só se poderán verter ó medio acuático despois de seren tratadas por separado, a condición de que:

a) se cumpran os requisitos establecidos nas disposicións sectoriais aplicables en materia de valores límite de emisión, e

b) as concentracións en masa das substancias contaminantes mencionadas no anexo IV sexan inferiores ós valores límite de emisión establecidos neste, consonte o disposto no artigo 18.3.

2. Para efectos do establecido neste artigo, en ningún caso se terá en conta a dilución das augas residuais para o cumprimento dos valores límite de emisión establecidos no anexo IV.

3. Os valores límite de emisión do anexo IV serán aplicables no punto da instalación de incineración ou coincineración por onde se verteren as augas residuais procedentes da depuración de gases de escape.

Cando as augas residuais procedentes da depuración de gases de escape se traten na instalación conxuntamente con outras augas residuais orixinadas naquela, o operador deberá tomar medicións, segundo o especificado no artigo 18:

a) No fluxo de augas residuais procedentes da depuración de gases de escape antes da súa entrada na instalación de tratamento conxunto de augas residuais.

b) No outro fluxo ou nos outros fluxos de augas residuais antes da súa entrada na instalación de tratamento conxunto de augas residuais.

c) No punto de vertedura final das augas residuais procedentes da instalación de incineración ou de coincineración, despois do tratamento.

O operador efectuará os cálculos de distribución de masas adecuados para determina-los niveis de emisión na vertedura final de augas residuais que se poden atribuír ás augas residuais procedentes da depuración dos gases de escape, co fin de comprobar que se cumpren os valores límite de emisión establecidos no anexo IV para as verteduras de augas residuais procedentes da depuración de gases de escape.

4. Cando as augas residuais procedentes da depuración dos gases de escape que conteñan as substancias contaminantes a que se refire o anexo IV sexan tratadas fóra da instalación de incineración ou coincineración, nunha instalación de tratamento destinada soamente ó tratamento deste tipo de augas residuais, os valores límite de emisión do anexo IV aplicaranse no punto en que as augas residuais saian da instalación de tratamento. Se nesta instalación de tratamento de augas situada fóra da instalación de incineración ou de coincineración non se tratan unicamente as augas residuais procedentes

da incineración, o operador efectuará os cálculos de distribución de masas adecuados, segundo o estipulado nas alíneas a), b) e c) do número 3, para determina-los niveis de emisión na vertedura final de augas residuais que se poden atribuír ás augas residuais procedentes da depuración de gases de escape, a fin de comprobar que se cumpren os valores límite de emisión establecidos no anexo IV para a vertedura de augas residuais procedente da depuración de gases de escape.

5. Sen prexuízo dos demais requisitos establecidos na lexislación sectorial que resulte de aplicación, a autorización sinalada no número 1 establecerá, respecto da vertedura das augas procedentes da depuración dos gases de escape, os valores límite de emisión para as substancias contaminantes enumeradas no anexo IV e fixará parámetros operativos de control das augas residuais, como mínimo, para o pH, a temperatura e o caudal.

6. Os asentamentos das instalacións de incineración e co-incineración, incluídas as zonas de almacenamento de residuos anexas, deseñaranse e explotaranse de modo que se impida a vertedura non autorizada e accidental de substancias contaminantes ó solo e ás augas superficiais e subterráneas.

Ademais, deberase dispor de capacidade de almacenamento para o escoamento de precipitacións contaminadas procedente do lugar da instalación de incineración ou de co-incineración ou para as augas contaminadas que proveñan de derrames ou de operacións de loita contra incendios. Para estes efectos, a capacidade de almacenamento será a adecuada para que esas augas se poidan someter a probas e tratar antes da súa vertedura, cando sexa necesario.

Artigo 13. *Residuos da incineración.*

1. Reducirase ó mínimo a cantidade e a nocividade dos residuos procedentes da explotación da instalación de incineración ou co-incineración. Os residuos reciclaranse, se procede, directamente na instalación ou valorizaranse ou eliminaranse fóra dela, de conformidade co establecido na lexislación sobre residuos e, se é o caso, na de prevención e control integrados da contaminación.

2. O transporte e almacenamento temporal dos residuos secos en forma de po, como as partículas das caldeiras e os residuos secos procedentes do tratamento dos gases da combustión, realizaranse de forma que se evite a súa dispersión no ambiente, por exemplo, en contedores fechados.

3. Antes de determina-las vías de eliminación, reciclaxe ou outras formas de valorización dos residuos das instalacións de incineración e co-incineración efectuaranse probas adecuadas para establece-las características físicas e químicas e o potencial contaminante dos diferentes residuos de incineración. As análises que se realicen con motivo destas probas referiranse, entre outros aspectos, á composición, á fracción soluble total e á fracción soluble dos metais pesados destes residuos.

Artigo 14. *Medicións.*

1. Nas instalacións de incineración e co-incineración deberase dispor de equipamentos de medición e utilizaranse técnicas adecuadas para o seguimento dos parámetros, condicións e concentracións en masa relacionados co proceso de incineración ou co-incineración.

2. Os requisitos de medición estableceranse na autorización expedida pola autoridade competente.

3. A instalación e o funcionamento adecuados dos equipamentos de seguimento automatizado das emi-

sións á atmosfera e ás augas estarán suxeitos a control e a unha proba anual de supervisión. A calibración efectuarase mediante medicións paralelas cos métodos de referencia, ó menos, cada tres anos.

4. A autoridade competente aprobará a localización dos puntos de medición e mostraxe, que deberán ser accesibles para a realización das medidas necesarias.

5. Levaranse a cabo medicións periódicas das emisións á atmosfera e ás augas consonte os números 1 e 2 do anexo III.

Artigo 15. *Periodicidade das medicións.*

1. As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para comprobar que os operadores realizan as medicións reguladas neste artigo e no artigo 18, mediante o cumprimento das obrigas establecidas para o efecto na correspondente autorización.

2. Nas instalacións de incineración e co-incineración realizaranse, de conformidade co disposto no anexo III, as seguintes medicións:

a) Medicións continuas das seguintes substancias: NO_x (sempre e cando se establezan valores límite de emisión), CO, partículas totais, COT, HCl, HF e SO_2 .

b) Medicións continuas dos seguintes parámetros do proceso: temperatura preto da parede interna da cámara de combustión ou noutro punto representativo desta respecto do que prestase a súa conformidade a autoridade competente; concentración de osíxeno, presión, temperatura e contido de vapor de auga dos gases de escape.

c) Polo menos catro medicións anuais de metais pesados, dioxinas e furanos, se ben, durante os 12 primeiros meses de funcionamento, se realizará unha medición ó menos cada dous meses, sen prexuízo do establecido no número 7.

3. Polo menos unha vez verificaranse adecuadamente o tempo de permanencia, a temperatura mínima e o contido de osíxeno dos gases de escape cando se poña en funcionamento a instalación de incineración ou co-incineración e nas condicións máis desfavorables de funcionamento que se poidan prever.

4. Poderase omitir a medición continua de HF se se utilizan procesos de tratamento de gases que permitan garantir que non se superan os valores límite de emisión de HCl; neste caso as emisións de HF someteranse a medicións periódicas de acordo co establecido no número 2.c).

5. Non será necesaria a medición continua do contido de vapor de auga cando os gases de escape da mostraxe sequen antes de se analizaren as emisións.

6. A autoridade competente poderá permitir na autorización a realización de medicións periódicas, en vez de medicións continuas, de HCl, HF e SO_2 , consonte o establecido no número 2.c), en instalacións de incineración e co-incineración, sempre e cando o operador poida probar que as emisións destes contaminantes non poden supera-los valores límite de emisión fixados.

7. Como excepción ó establecido no número 2.c) deste artigo, a autoridade competente poderá permitir que a frecuencia das medicións periódicas se reduza de catro veces ó ano a unha vez ó ano no caso dos metais pesados, e de catro veces ó ano a dúas veces ó ano no caso das dioxinas e furanos, sempre e cando as emisións derivadas da co-incineración ou a incineración sexan inferiores ó 50 por cento dos valores límite de emisión determinados consonte o anexo II ou o anexo V, respectivamente, e sempre e cando existan criterios,

establecidos de acordo coa normativa comunitaria, sobre os requisitos que se deben cumprir.

Non obstante, ata o 1 de xaneiro de 2005 poderase permiti-la redución da frecuencia das medicións, mesmo que non se fixasen os mencionados criterios na normativa comunitaria, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que os residuos que teñan que ser coincinerados ou incinerados consistan unicamente en determinadas fraccións combustibles consideradas como residuos non perigosos que non sexan apropiados para a reciclaxe e que presenten determinadas características, que se indicarán segundo o teor da avaliación a que se refire a alínea d) deste número.

b) Que se establecesen para os ditos residuos criterios de calidade, aplicables en todo o ámbito territorial do Estado.

c) Que a coincineración e a incineración deses residuos sexan conformes cos plans nacionais de residuos que resulten de aplicación, de acordo co establecido no artigo 5 da Lei 10/1998.

d) Que o operador poida demostrar que as emisións son, en calquera circunstancia, notablemente inferiores ós valores límite de emisión establecidos no anexo II ou no anexo V para os metais pesados, as dioxinas e os furanos. Esta circunstancia demostrarase mediante unha avaliación que se baseará na información sobre a calidade dos residuos de que se trate e nas medicións das emisións deses contaminantes.

e) Que na pertinente autorización da instalación consten expresamente os criterios de calidade sinalados na alínea b) deste número e o novo período das medicións periódicas.

As autoridades competentes comunicarán anualmente ó Ministerio de Medio Ambiente tódalas decisións que adoptasen sobre a frecuencia das medicións, de acordo co establecido nas alíneas a), b), c), d) e e) deste número, incluíndo información sobre a cantidade e calidade dos residuos de que se trate, para efectos da súa notificación á Comisión Europea, a través da vía correspondente.

8. A partir da data en que se establezan na normativa comunitaria técnicas de medición adecuadas, deberanse efectuar medicións continuas dos metais pesados, as dioxinas e os furanos, de conformidade co disposto no anexo III.

Artigo 16. *Condicións das medicións.*

1. Os resultados das medicións efectuadas para verificar que se cumpren os valores límite de emisión estarán referidos ás seguintes condicións:

a) O caudal volumétrico real e as concentracións de contaminantes referiranse a condicións normalizadas de temperatura (273 K) e de presión (101,3 kPa), de gas seco e axustándose ós seguintes valores de osíxeno nos gases de escape:

1.º Para instalacións de incineración considerarase un 11 por cento de osíxeno nos gases de escape.

2.º Para instalacións de incineración de aceites usados, definidos na Orde do 28 de febreiro de 1989, considerarase un tres por cento de osíxeno nos gases de escape.

3.º Cando os residuos se incineren ou coincineren nunha atmosfera enriquecida de osíxeno, os resultados das medicións poderanse normalizar con referencia a un contido de osíxeno diferente, establecido pola auto-

ridade competente, que obedeza ás circunstancias especiais do caso particular.

4.º Cando se trate de instalacións de coincineración, os resultados das medicións normalizaranse con referencia ó contido total de osíxeno sinalado no anexo II, que segundo as distintas instalacións será o seguinte: 10 por cento de osíxeno cando se trate de fornos de cemento, seis por cento de osíxeno cando se trate de instalacións de combustión nas que se utilicen combustibles sólidos, incluída a biomasa, e tres por cento de osíxeno nas instalacións de combustión que utilicen combustibles líquidos.

b) Para o cálculo das concentracións seguirase o procedemento descrito no anexo VI.

c) No caso de instalacións de incineración ou coincineración nas que se traten residuos perigosos, a normalización respecto ós contidos de osíxeno previstos neste número levarase a cabo soamente cando o contido de osíxeno normalizado, medido no mesmo período de tempo, supere o contido de osíxeno de referencia correspondente ó tipo de instalación.

2. Os resultados das medicións rexistraranse, trátaranse e presentaranse de acordo cos procedementos que establezan para o efecto as autoridades competentes, co obxecto de estas poderen comproba-lo cumprimento das condicións de explotación autorizadas e dos valores límite de emisión establecidos neste real decreto.

Artigo 17. *Cumprimento dos valores límite de emisión á atmosfera.*

1. Considerarase que se cumpren os valores límite de emisión á atmosfera se se respectan todas e cada unha das seguintes condicións:

a) Se ningún dos valores medios diarios supera os valores límite de emisión establecidos na alínea a) do anexo V ou no anexo II e o 97 por cento dos valores medios diarios, ó longo de todo o ano, non superan o valor límite de emisión establecido na alínea e).1.º do anexo V.

b) Cando ningún dos valores medios semihorarios supera os valores límite de emisión da columna A da alínea b) do anexo V, ou ben, cando proceda, se o 97 por cento dos valores medios semihorarios, ó longo do ano, non superan os valores límite de emisión da columna B da alínea b) do anexo V.

c) Se ningún dos valores medios ó longo do período de mostraxe establecido para os metais pesados e as dioxinas e furanos supera os valores límite de emisión establecidos nas alíneas c) e d) do anexo V ou no anexo II.

d) Cando se cumpre o disposto na alínea e).2.º do anexo V ou no anexo II.

2. Os valores medios semihorarios e os valores medios de 10 minutos determinaranse dentro do tempo de funcionamento real, excluídos os períodos de posta en marcha e parada se non se están a incinerar residuos, a partir dos valores medidos, despois de resta-lo valor do intervalo de confianza que figura no número 3 do anexo III. Os valores medios diarios determinaranse a partir destes valores medios validados.

Para obter un valor medio diario válido non se poderán descartar por fallos de funcionamento ou por mantemento do sistema de medición continua máis de cinco valores medios semihorarios nun día. Tampouco se poderán descartar por fallos de funcionamento ou por mantemento do sistema de medición continua máis de dez valores medios diarios ó ano.

3. Os valores medios obtidos ó longo do período de mostraxe e os valores medios no caso das medicións

periódicas de HF, HCl e SO₂ determinarase consonte os requisitos establecidos nos números 2 e 4 do artigo 14 e no anexo III.

4. Cando as medicións tomadas mostren que se superaron os valores límite de emisión á atmosfera establecidos neste real decreto, informarase inmediatamente a autoridade competente.

Artigo 18. *Medicións das emisións á auga.*

1. No punto de vertedura de augas residuais efectuaranse as seguintes medicións:

a) Medicións continuas dos parámetros operativos de control das augas residuais mencionados no artigo 12.5.

b) Medicións diarias, mediante mostras puntuais, do total de sólidos en suspensión. Non obstante, as autoridades competentes en materia de control de verteduras ó medio acuático poderán establecer, como posibilidade alternativa, que se realicen medicións dunha mostra representativa e proporcional ó caudal vertido durante 24 horas.

c) Medicións, coa periodicidade que determinen as autoridades competentes en materia de control de verteduras ó medio acuático e como mínimo unha vez ó mes, dunha mostra representativa e proporcional ó caudal vertido durante 24 horas das substancias contaminantes a que se refire o artigo 12.1 respecto dos números 2 a 10 do anexo IV.

d) Medicións, como mínimo unha vez cada tres meses, de dioxinas e furanos, ben que durante os primeiros 12 meses de funcionamento se efectuará unha medición como mínimo cada dous meses.

2. O seguimento da masa de contaminantes nas augas residuais tratadas, incluída a frecuencia nas medicións, levarase a cabo de conformidade coa normativa sectorial aplicable e segundo o establecido na correspondente autorización.

3. Considerarase que se cumpren os valores límite de emisión á auga, de acordo co establecido no anexo IV:

a) Respecto ó total de sólidos en suspensión (substancia contaminante número 1), cando o 95 por cento e o 100 por cento dos valores medidos non superen os respectivos valores límite de emisión establecidos no anexo IV.

b) Respecto ós metais pesados (substancias contaminantes números 2 a 10), cando non máis dunha medición ó ano supere os valores límite de emisión establecidos no anexo IV ou ben, se se estableceu como obrigatoria a toma de máis de 20 mostras ó ano, de conformidade co establecido no número 1.c) deste artigo, cando non máis do cinco por cento desas mostras supere os valores límite de emisión establecidos no anexo IV.

c) Respecto ás dioxinas e os furanos (substancia contaminante número 11), cando as medicións efectuadas catro veces ó ano non superen o valor límite de emisión establecido no anexo IV.

4. Cando as medicións tomadas mostren que se superaron os valores límite de emisión ó medio acuático establecidos neste real decreto, informarase inmediatamente a autoridade competente.

Artigo 19. *Acceso á información e participación pública.*

1. Sen prexuízo do disposto na Lei 16/2002, do 1 de xullo, e na Lei 38/1995, do 12 de decembro, sobre o dereito de acceso á información en materia de ambien-

te, no procedemento de tramitación das solicitudes de novas autorizacións para instalacións de incineración e coincineración incluírase un trámite de información pública para efectos de se poderen presentar observacións antes de que a autoridade competente se pronuncie sobre o outorgamento da autorización.

Igualmente, porase ó dispor do público unha copia da autorización e das súas posteriores renovacións ou modificacións.

2. Polo que respecta ás instalacións de incineración ou coincineración de capacidade nominal igual ou superior a dúas toneladas por hora, o operador deberá elaborar e remitirle á autoridade competente un informe anual sobre o funcionamento e o seguimento da instalación, no que se dará conta, ó menos, da marcha do proceso e das emisións á atmosfera ou ás augas, comparadas cos niveis de emisión regulados neste real decreto.

As comunidades autónomas elaborarán unha lista das instalacións de incineración ou coincineración de capacidade nominal inferior a dúas toneladas por hora situadas no seu territorio, que se porá ó dispor do público, xunto cos informes de funcionamento e seguimento sinalados no parágrafo anterior.

Artigo 20. *Condicións anormais de funcionamento.*

1. A autoridade competente establecerá na autorización o período máximo permitido das interrupcións, desaxustes ou fallos tecnicamente inevitables dos dispositivos de depuración ou de medición, durante os cales as concentracións nas emisións á atmosfera e nas augas residuais depuradas das substancias reguladas poidan supera-los valores límite de emisión previstos.

2. En caso de avaría, o operador da instalación reducirá ou deterá o funcionamento da instalación o antes posible ata que este se poida restablecer normalmente.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 8.3.c), nas condicións anormais de funcionamento reguladas neste artigo a instalación de incineración ou coincineración ou a liña de incineración non poderá, en ningún caso, seguir incinerando residuos durante un período superior a catro horas ininterrompidas se se superan os valores límite de emisión. Ademais, a duración acumulada do funcionamento en tales circunstancias durante un ano será de menos de 60 horas, tendo en conta que esa duración se aplica ás liñas de toda a instalación vinculadas a un único dispositivo de depuración dos gases de saída.

4. O contido total en partículas das emisións dunha instalación de incineración á atmosfera non superará en ningún caso 150 mg/m³, expresados como valor medio semihorario. Por outra parte, non se poderán supera-los valores límite de emisión á atmosfera para o CO e o COT e deberanse cumprir tódalas demais condicións mencionadas nos artigos 8, 9 e 10.

Artigo 21. *Subministración de información á Comisión Europea.*

Para efectos da súa remisión á Comisión Europea, as comunidades autónomas subministrarán á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente a información relativa á aplicación deste real decreto nos seus respectivos ámbitos territoriais, de conformidade co que se estableza ó respecto na normativa comunitaria.

O primeiro período de subministración de información abranguerá desde a entrada en vigor deste real decreto ata o 28 de decembro de 2005, sen prexuízo do establecido noutras disposicións que tamén resulten de aplicación.

Disposición transitoria única. *Réxime aplicable ás instalacións existentes.*

1. Ás instalacións de incineración e co-incineración existentes seralles de aplicación o réxime anterior á entrada en vigor deste real decreto, ata o día 28 de decembro de 2005.

2. O réxime transitorio regulado neste real decreto débese igualmente entender sen prexuízo das medidas establecidas, para a adecuación de instalacións existentes, nas disposicións transitorias primeira e segunda da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación. Para estes efectos, a adecuación a este real decreto das instalacións existentes que, pola súa vez, estean incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002 levarase a cabo mediante a adaptación, antes do 28 de decembro de 2005, das correspondentes autorizacións que teñan outorgadas, a non ser que nesa data conten xa coa autorización ambiental integrada regulada no artigo 3.a) da Lei 16/2002. En todo caso, estas instalacións deberán contar coa autorización ambiental integrada antes do 30 de outubro de 2007.

3. Ademais do establecido nos dous números anteriores, aplicaranse en todo caso as medidas específicas de carácter transitorio contempladas nos anexos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria, á entrada en vigor deste real decreto quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó establecido nel e, en particular, as seguintes:

a) O Real decreto 1088/1992, do 11 de setembro, polo que se establecen novas normas sobre a limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de instalacións de incineración de residuos municipais.

b) O Real decreto 1217/1997, do 18 de xullo, sobre incineración de residuos perigosos e de modificación do Real decreto 1088/1992, do 11 de setembro, relativo ás instalacións de incineración de residuos municipais.

c) O número décimo e anexo I da Orde ministerial do 28 de febreiro de 1989, modificada pola do 13 de xuño de 1990, mediante a que se regula a xestión de aceites usados.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co establecido no artigo 149.1.23.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto e para adaptalos seus anexos ás modificacións que, se é for caso, sexan introducidas pola normativa comunitaria.

Dado en Madrid, o 30 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
MARÍA ELVIRA RODRÍGUEZ HERRER

ANEXO I

Factores de equivalencia para as dibenzo-para-dioxinas e os dibenzofuranos

Para determina-la concentración total (ET) de dioxinas e furanos, multiplicaranse as concentracións en masa das seguintes dibenzo-para-dioxinas e dibenzofuranos polos seguintes factores de equivalencia antes de face-la suma total:

	Factor de equivalencia tóxica
2,3,7,8 - Tetraclorodibenzodioxina (TCDD).	1
1,2,3,7,8 - Pentaclorodibenzodioxina (PeCDD).	0,5
1,2,3,4,7,8 - Hexaclorodibenzodioxina (HxCDD).	0,1
1,2,3,6,7,8 - Hexaclorodibenzodioxina (HxCDD).	0,1
1,2,3,7,8,9 - Hexaclorodibenzodioxina (HxCDD).	0,1
1,2,3,4,6,7,8 - Heptaclorodibenzodioxina (HpCDD).	0,01
- Octaclorodibenzodioxina (OCDD).	0,001
2,3,7,8 - Tetraclorodibenzofurano (TCDF).	0,1
2,3,4,7,8 - Pentaclorodibenzofurano (PeCDF).	0,5
1,2,3,7,8 - Pentaclorodibenzofurano (PeCDF).	0,05
1,2,3,4,7,8 - Hexaclorodibenzofurano (HxCDF).	0,1
1,2,3,6,7,8 - Hexaclorodibenzofurano (HxCDF).	0,1
1,2,3,7,8,9 - Hexaclorodibenzofurano (HxCDF).	0,1
2,3,4,6,7,8 - Hexaclorodibenzofurano (HxCDF).	0,1
1,2,3,4,6,7,8 - Heptaclorodibenzofurano (HpCDF).	0,01
1,2,3,4,7,8,9 - Heptaclorodibenzofurano (HpCDF).	0,01
- Octaclorodibenzofurano (OCDF).	0,001

ANEXO II

Determinación dos valores límite de emisión á atmosfera para a co-incineración de residuos

Aplicarase a seguinte fórmula (regra de mestura) cando un valor límite de emisión total específico «C» non se establecese nun cadro deste anexo.

O valor límite para cada contaminante de que se trate e para o monóxido de carbono nos gases de escape procedentes da co-incineración de residuos deberase calcular do seguinte modo:

$$\frac{V_{\text{residuo}} \times C_{\text{residuo}} + V_{\text{proceso}} \times C_{\text{proceso}}}{V_{\text{residuo}} + V_{\text{proceso}}} = C$$

V_{residuo} : o volume de gases de escape procedentes da incineración de residuos determinado unicamente a partir dos residuos co menor valor calorífico especificado na autorización e referido ás condicións establecidas neste real decreto.

Se a calor xerada pola incineración de residuos perigosos é inferior ó 10 % da calor total xerada na instalación, V_{residuo} deberase calcular a partir dunha cantidade (teórica) de residuos que, ó seren incinerados, xerarían o 10 % de calor, mantendo constante a calor total xerada.

C_{residuo} : os valores límite de emisión establecidos no anexo V respecto das instalacións de incineración para os contaminantes de que se trate e o monóxido de carbono.

V_{proceso} : o volume de gases de escape procedentes do proceso realizado na instalación, incluída a queima dos combustibles autorizados utilizados normalmente na instalación (con exclusión dos residuos), determinado segundo o contido de osíxeno no que se deben normalizar as emisións consonte o disposto nas normativas comunitarias ou nacionais. Na falta de normativa para esta clase de instalacións, deberase utilizar o contido real de osíxeno dos gases de escape, sen que se dilúa mediante inxección de aire innecesario para o proceso. Neste real decreto indícanse as demais condicións a que se deben referir os resultados das medicións.

C_{proceso} : os valores límite de emisión establecidos nas táboas do presente anexo para determinados sectores industriais ou, na falta de tales táboas ou valores, os valores límite de emisión dos contaminantes de que se trate e do monóxido de carbono nos gases de saída das instalacións que cumpran as disposicións legais, regulamentarias e administrativas nacionais aplicables a esas instalacións cando queiman os combustibles autorizados normalmente (con exclusión dos residuos). Na falta destas medidas, utilizaranse os valores límite de emisión que estableza a autorización. Na falta destes, utilizaranse os valores correspondentes ás concentracións reais en masa.

C : os valores límite de emisión totais e o contido de osíxeno establecidos nas táboas deste anexo para determinados sectores industriais e determinados contaminantes ou, na falta de tales táboas ou valores, os valores límite de emisión totais do CO e os contaminantes de que se trate que substitúen os valores límite de emisión establecidos nos anexos correspondentes deste real decreto. O contido total de osíxeno que substituirá o contido de osíxeno para a normalización calcularase consonte o contido anterior, respectando os volumes parciais.

1. Disposicións especiais para os fornos de cemento en que se coincinen residuos.

1.1 Valores medios diarios (para medicións continuas). Os períodos de mostraxe e os demais requisitos de medición son os que se establecen nos artigos 15 e 16. Tódolos valores se dan en mg/m^3 . Os valores medios semihorarios soamente serán necesarios para calcular os valores medios diarios.

Os resultados das medicións efectuadas para verificar que se cumpren os valores límite de emisión estarán referidos ás seguintes condicións, para os gases de combustión procedentes do forno de cemento: temperatura 273 K, presión 101,3 kPa, 10 % de osíxeno e gas seco.

C. Valores límite de emisión totais.

Contaminante	C
Partículas totais	30 mg/m^3
HCl	10 mg/m^3
HF	1 mg/m^3
NO_x para instalacións existentes	800 mg/m^3
NO_x para instalacións novas	500 mg/m^3 (1)

(1) No caso dos fornos de cemento que estean en funcionamento á entrada en vigor deste real decreto e que contén coa preceptiva autorización para isto, aplicaranse os valores límite de emisión de NO_x para instalacións existentes, aínda que comecen a coincinen residuos despois do 28 de decembro de 2004.

Ata o 1 de xaneiro de 2008 a autoridade competente poderá autorizar exencións respecto do NO_x para os fornos de cemento en vía húmida existentes ou para os fornos que queimen menos de tres toneladas de residuos por hora, sempre e cando a autorización estableza un valor límite de emisión total de NO_x non superior a 1.200 mg/m^3 .

Ata o 1 de xaneiro de 2008 a autoridade competente poderá autorizar exencións respecto das partículas para os fornos de cemento que queimen menos de tres toneladas de residuos por hora, sempre e cando a autorización estableza un valor límite de emisión total non superior a 50 mg/m^3 .

1.2 Metais pesados.

C expresado en mg/m^3 . Tódolos valores medios medidos ó longo dun período de mostraxe dun mínimo de 30 minutos e un máximo de 8 horas:

Contaminante	C
Cd + Tl	0,05 mg/m^3
Hg	0,05 mg/m^3
Sb + As + Pb + Cr + Co + Cu + Mn + Ni + V	0,5 mg/m^3

1.3 Dioxinas e furanos.

C expresados en ng/m^3 . Tódolos valores medios medidos ó longo dun período de mostraxe dun mínimo de 6 horas e un máximo de 8 horas. O valor límite de emisión refírese á concentración total de dioxinas e furanos calculada utilizando o concepto de equivalencia tóxica de conformidade co anexo I:

Contaminante	C
Dioxinas e furanos	0,1 ng/m^3

1.4 Valores medios diarios para o SO_2 e o COT.

C . Valores límite de emisión totais expresados en mg/m^3 .

Contaminante	C
SO_2	50 mg/m^3
COT	10 mg/m^3

A autoridade competente poderá autorizar exencións nos casos en que o COT e o SO_2 non procedan da incineración de residuos.

1.5 Valor límite de emisión para o CO.

A autoridade competente poderá fixa-los valores límite de emisión para o CO.

2. Disposicións especiais para instalacións de combustión que coincinen residuos.

2.1 Valores medios diarios.

Unha vez que se aprobe a norma interna de incorporación da Directiva 2001/80/CE do Parlamento Euro-

peo e do Consello, do 23 de outubro de 2001, sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, os valores límite de emisión establecidos nos seguintes cadros (C_{proceso}) adaptaranse ós valores límite de emisión máis rigorosos de conformidade co establecido na citada directiva.

Contaminantes	< 50 MWth	50 a 100 MWth	100 a 300 MWth	> 300 MWth
SO ₂ : caso xeral		850 mg/m ³	850 a 200 mg/m ³ (diminución lineal de 100 a 300 MWth)	200 mg/m ³
combustibles autóctonos		ou taxa de desulfuración ≥ 90 %	ou taxa de desulfuración ≥ 92 %	ou taxa de desulfuración ≥ 95 %
NO _x		400 mg/m ³	300 mg/m ³	200 mg/m ³
Partículas	50 mg/m ³	50 mg/m ³	30 mg/m ³	30 mg/m ³

Ata o 1 de xaneiro de 2007, e sen prexuízo do disposto na lexislación comunitaria pertinente, o valor límite de emisión para o NO_x non se lles aplicará ás instalacións que soamente incineren residuos perigosos.

Ata o 1 de xaneiro de 2008 a autoridade competente poderá autorizar exencións respecto do NO_x e do SO₂ para as instalacións de coíncineración existentes de entre 100 e 300 MWth que utilicen a tecnoloxía de combustión en leito fluído e combustibles sólidos, sempre e cando a autorización estableza un valor de C_{proceso} non superior a 350 mg/m³ para o NO_x e non superior a un valor comprendido entre 850 e 400 mg/m³ (diminución lineal de 100 a 300 MWth) para o SO₂.

C_{proceso} para a biomasa expresado en mg/m³ (contido de O₂ 6 %):

Contaminantes	< 50 MWth	50 a 100 MWth	100 a 300 MWth	> 300 MWth
SO ₂		200 mg/m ³	200 mg/m ³	200 mg/m ³
NO _x		350 mg/m ³	300 mg/m ³	300 mg/m ³
Partículas	50 mg/m ³	50 mg/m ³	30 mg/m ³	30 mg/m ³

Ata o 1 de xaneiro de 2008 a autoridade competente poderá autorizar exencións respecto do NO_x para as instalacións de coíncineración existentes de entre 100 e 300 MWth que utilicen a tecnoloxía de combustión en leito fluído e que queimen biomasa, sempre e cando a autorización estableza un valor de C_{proceso} non superior a 350 mg/m³.

C_{proceso} para os combustibles líquidos expresado en mg/m³ (contido de O₂ 3 %):

Contaminantes	< 50 MWth	50 a 100 MWth	100 a 300 MWth	> 300 MWth
SO ₂		850 mg/m ³	850 a 200 mg/m ³ diminución lineal de 100 a 300 MWth	200 mg/m ³
NO _x		400 mg/m ³	300 mg/m ³	200 mg/m ³
Partículas	50 mg/m ³	50 mg/m ³	30 mg/m ³	30 mg/m ³

Os valores medios semihorarios só serán necesarios para calculalos valores medios diarios.

C_{proceso} :

C_{proceso} para os combustibles sólidos expresado en mg/m³ (contido de O₂ 6 %):

2.2.C. Valores límite de emisión totais:

C expresados en mg/m³ (contido de O₂ 6 %). Tódolos valores medios medidos ó longo dun período de mostraxe dun mínimo de 30 minutos e un máximo de 8 horas:

Contaminante	C
Cd + Tl	0,05 mg/m ³
Hg	0,05 mg/m ³
Sb + As + Pb + Cr + Co + Cu + Mn + + Ni + V	0,5 mg/m ³

C expresados en ng/m³ (contido de O₂ 6 %). Tódolos valores medios medidos ó longo dun período de mostraxe dun mínimo de 6 horas e un máximo de 8 horas. O valor límite de emisión refírese á concentración total de dioxinas e furanos calculada utilizando o concepto de equivalencia tóxica de conformidade co anexo I:

Contaminante	C
Dioxinas e furanos	0,1 ng/m ³

3. Disposicións especiais para sectores industriais non incluídos no número 1 nin no número 2 que coíncineren residuos.

3.1.C. Valores límite de emisión totais:

C expresados en ng/m³. Tódolos valores medios medidos ó longo dun período de mostraxe dun mínimo de 6 horas e un máximo de 8 horas. O valor límite de emisión refírese á concentración total de dioxinas e furanos calculada utilizando o concepto de equivalencia tóxica de conformidade co anexo I:

Contaminante	C
Dioxinas e furanos	0,1 ng/m ³

C expresados en mg/m^3 . Tódolos valores medios medidos ó longo dun período de mostraxe dun mínimo de 30 minutos e un máximo de 8 horas:

Contaminante	c
Cd + Tl	0,05 mg/m^3
Hg	0,05 mg/m^3

ANEXO III

Técnicas de medición

1. As medicións para determina-las concentracións de substancias contaminantes da atmosfera e da auga levaranse a cabo de maneira representativa.

2. A mostraxe e análise de tódolos contaminantes, entre eles as dioxinas e os furanos, así como os métodos

de medición de referencia para calibra-los sistemas automáticos de medición, realizaranse consonte as normas CEN.

En ausencia das normas CEN, aplicaranse as normas ISO, as normas nacionais, as normas internacionais ou outros métodos alternativos que estean validados ou acreditados, sempre que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalente.

3. Os valores dos intervalos de confianza do 95 % de calquera medición, determinados nos valores límite de emisión diarios, non superarán as seguintes porcentaxes dos valores límite de emisión:

Monóxido de carbono:	10 %
Dióxido de xofre:	20 %
Dióxido de nitróxeno:	20 %
Partículas totais:	30 %
Carbono orgánico total:	30 %
Cloruro de hidróxeno:	40 %
Fluoruro de hidróxeno:	40 %

ANEXO IV

Valores límite de emisión para verteduras de augas residuais procedentes da depuración de gases de escape

Substancias contaminantes	Valores límite de emisión expresados en concentracións en masa para mostrax non filtradas	
	95 % — 30 mg/l	100 % — 45 mg/l
1. Total de sólidos en suspensión tal como se definen no Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ó tratamento das augas residuais urbanas, e no Real decreto 509/1996, do 28 de decembro, que o desenvolve.		
2. Mercurio e os seus compostos, expresados en mercurio (Hg).	0,03 mg/l	
3. Cadmio e os seus compostos, expresados en cadmio (Cd).	0,05 mg/l	
4. Talio e os seus compostos, expresados en talio (Tl).	0,05 mg/l	
5. Arsénico e os seus compostos, expresados en arsénico (As).	0,15 mg/l	
6. Chumbo e os seus compostos, expresados en chumbo (Pb).	0,2 mg/l	
7. Cromo e os seus compostos, expresados en cromo (Cr).	0,5 mg/l	
8. Cobre e os seus compostos, expresados en cobre (Cu).	0,5 mg/l	
9. Níquel e os seus compostos, expresados en níquel (Ni).	0,5 mg/l	
10. Cinc e os seus compostos, expresados en cinc (Zn).	1,5 mg/l	
11. Dioxinas e furanos, definidos como a suma das distintas dioxinas e furanos avaliados consonte o anexo I.	0,3 ng/l	

Ata o 1 de xaneiro de 2008 a autoridade competente en materia de control de verteduras ó medio acuático poderá autorizar exencións respecto do total de sólidos en suspensión para instalacións de incineración existentes, sempre e cando a autorización estableza que o 80 % dos valores medidos non sexa superior a 30 mg/l e ningún deles sexa superior a 45 mg/l .

ANEXO V

Valores límite de emisión á atmosfera

a) Valores medios diarios.

Partículas totais	10 mg/m^3
Substancias orgánicas en estado gasoso e de vapor expresadas en carbono orgánico total	10 mg/m^3
Cloruro de hidróxeno (HCl)	10 mg/m^3
Fluoruro de hidróxeno (HF)	1 mg/m^3

Dióxido de xofre (SO_2) 50 mg/m^3

Monóxido de nitróxeno (NO) e dióxido de nitróxeno (NO_2), expresados como dióxido de nitróxeno, para instalacións de incineración existentes de capacidade nominal superior a 6 toneladas por hora ou para instalacións de incineración novas 200 mg/m^3 (*)

Monóxido de nitróxeno (NO) e dióxido de nitróxeno (NO_2), expresados como dióxido de nitróxeno, para instalacións de incineración xa existentes de capacidade nominal non superior a 6 toneladas por hora 400 mg/m^3 (*)

(*) Ata o 1 de xaneiro de 2007 o valor límite de emisión para o NO_x non se aplicará ás instalacións que só incineren residuos perigosos.

A autoridade competente poderá autorizar exencións respecto do NO_x para instalacións de incineración existentes:

1.º De capacidade nominal non superior a 6 toneladas por hora, sempre e cando a autorización estableza uns valores medios diarios non superiores a 500 mg/m^3 e isto ata o 1 de xaneiro de 2008.

2.º De capacidade nominal superior a 6 toneladas por hora pero non superior a 16 toneladas por hora, sempre e cando a autorización estableza uns valores medios diarios non superiores a 400 mg/m^3 e isto ata o 1 de xaneiro de 2010.

b) Valores medios semihorarios.

	(100%)A	(97%)B
Partículas totais	30 mg/m^3	10 mg/m^3
Substancias orgánicas en estado gasoso e de vapor expresadas en carbono orgánico total	20 mg/m^3	10 mg/m^3
Cloruro de hidróxeno (HCl)	60 mg/m^3	10 mg/m^3
Fluoruro de hidróxeno (HF)	4 mg/m^3	2 mg/m^3
Dióxido de xofre (SO_2)	200 mg/m^3	50 mg/m^3
Monóxido de nitróxeno (NO) e dióxido de nitróxeno (NO_2), expresados como dióxido de nitróxeno, para instalacións de incineración existentes de capacidade nominal superior a 6 toneladas por hora ou para instalacións de incineración novas	400 mg/m^3 (*)	200 mg/m^3 (*)

(*) Ata o 1 de xaneiro de 2007 o valor límite de emisión para o NO_x non se aplicará ás instalacións que só incineren residuos perigosos.

Ata o 1 de xaneiro de 2010 a autoridade competente poderá autorizar exencións respecto do NO_x para as instalacións de incineración existentes de capacidade nominal comprendida entre 6 e 16 toneladas por hora, sempre e cando o valor medio semihorario sexa igual ou inferior a 600 mg/m^3 para a columna A, ou igual ou inferior a 400 mg/m^3 para a columna B.

c) Tódolos valores medios medidos ó longo dun período de mostraxe dun mínimo de 30 minutos e un máximo de 8 horas.

Cadmio e os seus compostos, expresados en cadmio (Cd). Talio e os seus compostos, expresados en talio (Tl).	Total $0,05 \text{ mg/m}^3$	Total $0,1 \text{ mg/m}^3$ (*)
Mercurio e os seus compostos, expresados en mercurio (Hg).	$0,05 \text{ mg/m}^3$	$0,1 \text{ mg/m}^3$ (*)
Antimonio e os seus compostos, expresados en antimonio (Sb). Arsénico e os seus compostos, expresados en arsénico (As). Chumbo e os seus compostos, expresados en chumbo (Pb). Cromo e os seus compostos, expresados en cromo (Cr). Cobalto e os seus compostos, expresados en cobalto (Co). Cobre e os seus compostos, expresados en cobre (Cu). Manganeso e os seus compostos, expresados en manganeso (Mn). Níquel e os seus compostos, expresados en níquel (Ni). Vanadio e os seus compostos, expresados en vanadio (V).	Total $0,5 \text{ mg/m}^3$	Total 1 mg/m^3 (*)

(*) Ata o 1 de xaneiro de 2007, valores medios para as instalacións existentes ás que se concedese a autorización de explotación antes do 31 de decembro de 1996 e nas que só se incineren residuos perigosos.

Estes valores medios refírense ás emisións correspondentes de metais pesados, así como dos seus compostos, tanto en estado gasoso como de vapor.

d) Tódolos valores medios medidos ó longo dun período de mostraxe dun mínimo de 6 horas e un máximo de 8 horas. O valor límite de emisión refírese á concentración total de dioxinas e furanos calculada utili-

3.º De capacidade nominal superior a 16 toneladas por hora pero inferior a 25 toneladas por hora e que non produzan verteduras de augas, sempre e cando a autorización estableza uns valores medios diarios non superiores a 400 mg/m^3 e isto ata o 1 de xaneiro de 2008.

Ata o 1 de xaneiro de 2008 a autoridade competente poderá autorizar exencións respecto das partículas para instalacións de incineración existentes, sempre e cando a autorización estableza valores medios diarios non superiores a 20 mg/m^3 .

zando o concepto de equivalencia tóxica de conformidade co anexo I.

Dioxinas e furanos $0,1 \text{ ng/m}^3$

e) Non poderán superarse nos gases de combustión os seguintes valores límite de emisión das concentra-

cións de monóxido de carbono (CO) (excluídas as fases de posta en marcha e parada):

1.º 50 mg/m³ de gas de combustión calculado como valor medio diario.

2.º 150 mg/m³ de gas de combustión en, como mínimo, o 95 % de tódalas medicións, calculado como valores medios cada 10 minutos; ou 100 mg/m³ de gas de combustión en tódalas medicións, calculado como valores medios semihorarios tomados en calquera período de 24 horas.

A autoridade competente poderá autorizar exencións para instalacións de incineración que utilicen a tecnoloxía de combustión en leito fluído, sempre e cando a autorización estableza un valor límite de emisión para o monóxido de carbono (CO) igual ou inferior a 100 mg/m³ como valor medio horario.

ANEXO VI

Fórmula para calcula-la concentración corrixida de emisións de contaminantes en función do contido de osíxeno, de acordo co artigo 16

$$E_s = \frac{21 - O_s}{21 - O_m} \times E_m$$

E_s = concentración de emisión referida a gas seco en condicións normalizadas e corrixida á concentración de osíxeno de referencia, segundo a instalación e tipo de combustible (artigo 16.1), expresada en mg/m³ (ou ng/m³ para dioxinas e furanos).

E_m = concentración de emisión medida, referida a gas seco en condicións normalizadas, expresada en mg/m³ (ou ng/m³ para dioxinas e furanos).

O_s = concentración de osíxeno de referencia, segundo o sinalado no artigo 16.1 para cada tipo de instalación, expresada en % en volume.

O_m = concentración de osíxeno medida, referida a gas seco en condicións normalizadas, expresada en % en volume.

As concentracións « E_s » así obtidas serán as que se deban comparar cos valores límite de emisión, C total, establecidos nos anexos II e V.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12026 *ORDE APA/1588/2003, do 5 de xuño, pola que se modifican a Orde do 23 de maio de 1986 e a Orde do 1 de xullo de 1986, sobre control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas.* («BOE» 144, do 17-6-2003.)

A Directiva 2002/68/CE, do Consello, do 19 de xullo de 2002, pola que se modifica a Directiva 2002/57/CE referente á comercialización das sementes e plantas oleaxinosas e téxtiles, inclúe as asociacións varietais de plantas oleaxinosas e téxtiles no ámbito de aplicación da Directiva 2002/57/CE. Tal previsión debe reflectirse na normativa nacional aplicable, polo que se require modificar neste sentido a Orde do 23 de maio de 1986 pola que se aproba o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, así como a Orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba

o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas.

Mediante esta disposición incorpórase ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2002/68/CE do Consello, do 19 de xullo, que modifica a Directiva 2002/57/CE do Consello, relativa á comercialización de sementes de plantas oleaxinosas e téxtiles.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Modificación da Orde do 23 de maio de 1986 pola que se aproba o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.*

Modifícase o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado por Orde do 23 de maio de 1986, nos termos seguintes:

1. No capítulo V, punto 20, ó final do segundo parágrafo, engadírase o seguinte:

«—Azul cunha liña diagonal verde para as asociacións varietais.»

2. No capítulo VIII, punto 41, o segundo parágrafo substituírase polo seguinte:

«Os produtores quedan autorizados a envasar mesturas de sementes e asociacións varietais nos casos en que estea previsto nos correspondentes regulamentos técnicos.»

Artigo 2. *Modificación da Orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas, aprobado por Orde do 1 de xullo de 1986, nos termos seguintes:

Ó final do capítulo VIII engadírase unha nova alínea e) coa seguinte redacción:

«e) Asociacións varietais: poderanse comercializar sementes de especies de plantas oleaxinosas en forma de asociación varietal.

Para tales efectos, enténdese por:

Asociación varietal: unha asociación de semente certificada dun híbrido dependente dun polinizador específico, inscrito na Lista de variedades comerciais ou no Catálogo común de variedades de plantas agrícolas, con semente certificada dun ou varios polinizadores específicos, igualmente inscritos, mesturadas mecanicamente en proporcións determinadas conxuntamente polas persoas responsables do mantemento dos ditos compoñentes, notificándose a dita combinación á autoridade competente de certificación.

Híbrido dependente dun polinizador: o compoñente androestéril da asociación varietal (compoñente feminino).

Polinizador ou polinizadores: o compoñente da asociación varietal que emite o pole (compoñente masculino).

As sementes dos compoñentes feminino e masculino trataranse con produtos de cores diferentes.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta disposición díctase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ó Estado a com-